

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0842	Peiteados e recollidos	2023/2024	10	266	319
MP0842_12	Peiteados e acabamentos	2023/2024	10	170	204
MP0842_22	Recollidos, perrucas e extensións	2023/2024	10	96	115

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA REY RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O I.E.S A PINGUELA esta localizado no concello de Monforte De Lemos, con gran crecemento demográfico, e cada vez con mais peso na Comarca . Esta afluencia vese acrecentada por ser o centro da Ribeira Sacra, este territorio conxuga arquitectura, tradición, natureza e tradición vitivinícola, todo isto tradúcese nunha grande actividade económica e empresarial de viticultores e adegueiros.

As ensinanzas de Ciclo Formativo de grao medio de Peiteado e Cosmética Capilar non se imparte en ningún outro centro da Comarca e hai demanda dabondo de postos de traballo debido o gran numero de empresas adicadas a imaxe persoal .

O rematar este módulo o alumno debera ser capaz de :

- Facer un estudio da imaxe do suxeito e das condicións e características do seu cabelo .
- Identifica-la area de traballo e prepara-los espazos , os equipamentos , os cosméticos , os aparellos e o a preparación do profesional para a realización dos procesos de peiteados, e recollidos e a adaptación de perrucas, postizos e extensións do cabelo .
- Executar destramente os procesos de peiteados , acabados e recollidos e adaptación de perrucas, postizos e extensións .
- Aplicar as normas de seguridade e hixiene nos procesos de peiteados e recollidos e adaptación de perrucas, postizos e extensións .

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Visaxismo para peiteados	Estudio da imaxe e do cabelo	26	9
2	Organización do espazo de traballo	Organización, preparación e mantemento dos espazos de traballo	10	3
3	Seguridade e hixiene nos procesos de peiteados	Normas e prácticas de seguridade e hixiene nos procesos de peiteados	15	5
4	Control de calidade e asesoramento	Avaliación da calidade do servizo	15	5
5	A hixiene capilar	Hixiene e acondicionamento do cabelo e coiro cabeludo	30	9
6	Execución do proceso de peiteados e acabados	As técnicas de peitados e acabados	108	33
7	Vixaxismo para recollidos	Estudio da imaxe e do cabelo	20	6
8	Calidade no servizo de recollido, extensions,perrucas e próteses capilares	Avaliación da calidade do servizo de recollidos, extensions,perrucas e próteses capilares	15	5
9	Técnicas de recollido	Diferentes técnicas de recollidos	50	16
10	Técnicas de colocación de perrucas, próteses capilares e extensións	Colocación de perrucas, próteses capilares e extensións	30	9

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Visaxismo para peiteados	26

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona o tipo de peiteado, tendo en conta a relación entre as características do cabelo e a morfoloxía da persoa usuaria.	SI
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os tipos de óvalo e siluetas co peiteado adecuado.
CA1.2 Diferenciáronse as características do cabelo e a súa relación co peiteado.
CA1.3 Identificouse a repercusión doutros factores (tipo de corte, alteracións, estilos, etc.), na selección do peiteado.
CA1.4 Clasificáronse os peiteados segundo o tipo de evento e a circunstancia, o tipo de óvalo e a lonxitude do cabelo.
CA1.5 Aplicáronse métodos para a determinación das tendencias en peiteados, a través de fontes documentais.
CA1.6 Identificáronse os métodos de análise de necesidades e demandas das persoas usuarias.
CA1.7 Deseñáronse propostas para procesos de peiteado.
CA2.14 Xustificouse o uso de adornos e outros complementos.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Relación da análise morfolóxica facial e corporal cos peiteados e os acabamentos.
Morfoloxía e estrutura do cabelo: tipos e formas de cabelo. Características relacionadas co peiteado. Outros factores que poden repercutir no peiteado.
Tipos de peiteado: clasificación e características.
Relación dos estilos e as tendencias cos tipos de peiteados.
Análise das fontes documentais.
Elaboración de propostas de peiteados e acabamentos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Organización do espazo de traballo	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Selecciónáronse os aparellos xeradores de calor en función do proceso.
CA2.11 Identificáronse as ferramentas e os utensilios necesarios para o proceso.
CA2.12 Selecciónáronse os moldes en función do efecto desexado.
CA2.17 Preparáronse as ferramentas e os utensilios necesarios no toucador e na área de traballo.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
O Complementos para a realización de peiteados: tipos e características.  Organización do lugar de traballo: distribución dos medios e dos materiais no toucador e no moble auxiliar de peiteado.  Equipamentos térmicos: clasificación, características e mantemento.  Utensilios e ferramentas: tipos (moldes, elementos de suxeición e utensilios para realizar peiteados e cambios de forma temporais), características e mantemento.  Organización do espazo de hixiene capilar. Características e compoñentes do lavacabezas e da butaca.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Seguridade e hixiene nos procesos de peiteados	15

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.3 Valórouse o mantemento das instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes do seu uso e despois.
CA2.6 Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para realizar os procesos de cambios de forma temporais.
CA2.7 Aplicáronse medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria.
CA2.8 Descríbóronse as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA2.13 Establecéronse as pautas de mantemento de aparellos, utensilios e accesorios.
CA2.16 Seguíronse as pautas para limpeza, desinfección e/ou esterilización dos utensilios logo do uso.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Materiais de protección.  Aplicación de técnicas de hixiene e desinfección de utensilios, moblaxe e aparellos.  Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de cambio de forma temporal.  Instalacións. Seguridade e hixiene: aplicación de métodos de hixiene e desinfección.  Medidas de protección do persoal profesional e da clientela. Ergonomía e hixiene postural.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Control de calidade e asesoramento	15

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO
RA5 - Determina as pautas de mantemento do peiteado e avalía a calidade do servizo.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.2 Identifícanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA2.4 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA2.5 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.
CA2.6 Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para realizar os procesos de cambios de forma temporais.
CA2.8 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA2.9 Determináronse as técnicas de comunicación verbais e non verbais.
CA2.10 Caracterizáronse a recepción e a atención telefónica apropiadas.
CA5.1 Establecéronse as técnicas básicas do mantemento do peiteado.
CA5.2 Seleccionáronse os cosméticos de mantemento necesarios.
CA5.3 Determináronse os utensilios para a súa conservación.
CA5.4 Identifícanse os factores que modifican a duración do peiteado.
CA5.5 Xustificáronse os métodos de conservación e mantemento de adornos.
CA5.6 Propuxéronse medidas para mellorar o mantemento do peiteado.
CA5.7 Sinaláronse medidas para avaliar a calidade do servizo e a satisfacción da clientela.
CA5.8 Indicáronse pautas para atender eficazmente queixas e reclamacións.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Detección de demandas e necesidades da persoa usuaria.
Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
Técnicas de comunicación: aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal.

**Contidos**

Recepción e atención telefónica.

Importancia do traballo en equipo.

Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de cambio de forma temporal.

Técnicas básicas de mantemento do peiteado: tipos e pautas.

Cosméticos para aumentar a duración do peiteado: modo de aplicación.

Utensilios empregados no mantemento do peiteado: características e xeito de emprego.

Factores que modifican a duración do peiteado.

Métodos para realizar a avaliación e o control da calidade dos procesos de cambio de forma temporal.

Avaliación do grao de satisfacción da persoa usuaria.

Resolución de queixas e reclamacións.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	A hixiene capilar	30

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO
RA3 - Realiza a hixiene e o acondicionamento capilar, seleccionando os cosméticos en función do tipo de cabelo.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.15 Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos.
CA3.1 Identifícanse os requisitos do lavacabezas e da butaca.
CA3.2 Acomodouse a persoa usuaria no lavacabezas.
CA3.3 Seleccionáronse os cosméticos en función das características do cabelo.
CA3.4 Especificouse o tipo de acondicionamento capilar en función do servizo posterior.
CA3.5 Seguíronse as pautas de manipulación dos cosméticos.
CA3.6 Xustificáronse as posicións anatómicas da persoa usuaria e da profesional durante a hixiene capilar.
CA3.7 Establecéronse as fases e as pautas de aplicación dos cosméticos de hixiene e acondicionamento capilar.
CA3.8 Realizáronse as manobras de masaxe para a limpeza do cabelo e do coiro cabeludo.
CA3.9 Aplicáronse técnicas complementarias e sensoriais na hixiene capilar.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Criterios de selección de cosméticos, pautas de manipulación e indicacións.
Organización do espazo de hixiene capilar. Características e compoñentes do lavacabezas e da butaca.
Acomodación e preparación da persoa usuaria. Criterios de selección de lenzaria.
Posicións anatómicas da persoa usuaria e o profesional na hixiene capilar.
Proceso de lavado capilar: operacións previas; criterios de selección de cosméticos de hixiene e acondicionamento capilar; bases da técnica de lavado (fases e pautas de aplicación).
Masaxe capilar no proceso de hixiene. Acondicionamento capilar.
Técnicas complementarias: descrición e pautas de aplicación.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Execución do proceso de peiteados e acabados	108

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO
RA4 - Realiza peiteados e acabamentos do cabelo, tendo en conta a relación entre as técnicas e o resultado final esperado.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.15 Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos.
CA4.1 Determináronse as operacións previas do cabelo en función do peiteado seleccionado.
CA4.2 Establecéronse as características das técnicas de cambio de forma temporal.
CA4.3 Seleccionáronse os parámetros dos aparellos xeradores de calor.
CA4.4 Seleccionouse a técnica de secado en función do tipo de peiteado.
CA4.5 Estableceuse o procedemento de realización das argolas e das ondas á auga.
CA4.6 Realizáronse montaxes de rolos para efectuar unha marcade.
CA4.7 Xustificouse o emprego de técnicas auxiliares e asociadas para realizar o peiteado.
CA4.8 Realizouse a secuencia de operacións do peiteado.
CA4.9 Relaciónáronse as técnicas de acabado co tipo de peiteado.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Criterios de selección de cosméticos, pautas de manipulación e indicacións. Preparación da persoa usuaria: acomodación e protección. Operacións previas. Cosméticos protectores e facilitadores do peiteado: criterios de selección e aplicación. Técnicas de cambios de forma por calor: moldeados e alisamentos térmicos. Criterios de selección de aparellos de secado e utensilios: características e procedemento. Técnicas de cambios de forma por humidade e mediante moldes: características e procedemento. Técnicas auxiliares e asociadas ao peiteado: tipos (cardado, batedura, puído, etc.) e procedemento. Combinación de técnicas para a elaboración do peiteado. Elementos que inflúen na realización dun peiteado. Pautas xerais para a preparación do proceso do peiteado. Selección de técnicas e realización. Técnicas de acabado: características e procedemento.

Contidos
Cosméticos para aumentar a duración do peiteado: modo de aplicación.
Utensilios empregados no mantemento do peiteado: características e xeito de emprego.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Vixasismo para recollidos	20

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e organiza a zona de traballo para a realización de recollidos e adaptación de próteses capilares, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO
RA2 - Selecciona o tipo de recollido, tendo en conta a relación entre as características do cabelo e a morfoloxía da persoa usuaria.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.8 Xustificouse o uso de adornos e outros complementos.
CA2.1 Relacionáronse os tipos de recollido coa análise morfolóxica e capilar.
CA2.2 Diferenciáronse as características do cabelo e a súa relación co peiteado recollido que se pretenda realizar.
CA2.3 Identificouse a repercusión doutros factores, como o tipo de corte, alteracións, estilos, etc., na selección do peiteado.
CA2.4 Clasificáronse os recollidos segundo o tipo de evento e circunstancia, o tipo de óvalo e a lonxitude do cabelo.
CA2.5 Establecéronse as formas e as tendencias nos recollidos.
CA2.6 Aplicáronse métodos para a determinación das tendencias en recollidos, a través de fontes documentais.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Relación entre a análise morfolóxica facial e corporal, e os recollidos.
Morfoloxía do cabelo: tipos e formas do cabelo. Características relacionadas co peiteado. Outros factores que repercutan no peiteado.
Tipos e formas de recollidos: clasificación e características.
Relación entre os estilos e as tendencias, e os tipos de recollidos.
Elaboración de propostas de recollido.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Calidade no servizo de recollido, extensións, perrucas e próteses capilares	15

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e organiza a zona de traballo para a realización de recollidos e adaptación de próteses capilares, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO
RA2 - Selecciona o tipo de recollido, tendo en conta a relación entre as características do cabelo e a morfoloxía da persoa usuaria.	NO
RA5 - Determina as pautas de mantemento do recollido, perrucas e próteses capilares, e avalía a calidade do servizo.	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA1.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.4 Determináronse as técnicas de comunicación verbal e non verbal, nomeadamente en casos de clientela con necesidades específicas por motivos de saúde (oncolóxicos, etc.).
CA1.5 Caracterizáronse a recepción e a atención telefónica apropiadas.
CA1.7 Establecéronse as pautas de mantemento de aparellos, utensilios e accesorios.
CA1.9 Propuxéronse métodos de conservación e mantemento de adornos e complementos.
CA2.7 Identifícaronse os métodos de análise de necesidades e demandas das persoas usuarias.
CA5.1 Establecéronse as técnicas básicas do mantemento do recollido.
CA5.2 Seleccionáronse os cosméticos de mantemento necesarios.
CA5.3 Determináronse os utensilios para a súa conservación.
CA5.4 Identifícaronse os factores que modifican a duración do recollido.
CA5.5 Xustificáronse os métodos de conservación e mantemento de adornos.
CA5.6 Propuxéronse medidas para mellorar o mantemento do recollido.
CA5.7 Establecéronse as medidas para o coidado e o mantemento de perrucas e próteses capilares, nomeadamente en casos de clientela con necesidades específicas por motivos de saúde.
CA5.8 Sinaláronse medidas para avaliar a calidade do servizo e a satisfacción da clientela.
CA5.9 Indicáronse pautas para atender eficazmente queixas e reclamacións.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Preparación do profesional: imaxe persoal.

**Contidos**

Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.

Comunicación e técnicas para detectar as demandas e as necesidades da persoa usuaria.

Recepción e atención telefónica.

Análise das fontes documentais.

Detección de demandas e necesidades da persoa usuaria.

Factores que modifican a duración do recollido.

Métodos para realizar a avaliación e o control do calidade.

Avaliación do grao de satisfacción da persoa usuaria.

Resolución de queixas e reclamacións.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Técnicas de recollido	50

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e organiza a zona de traballo para a realización de recollidos e adaptación de próteses capilares, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO
RA2 - Selecciona o tipo de recollido, tendo en conta a relación entre as características do cabelo e a morfoloxía da persoa usuaria.	NO
RA3 - Realiza recollidos do cabelo, tendo en conta a relación entre as técnicas e o resultado final esperado.	NO
RA4 - Coloca perrucas, próteses capilares e extensións, interpretando as demandas e as necesidades da persoa usuaria.	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Valorouse o mantemento das instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso.
CA1.6 Identificáronse as ferramentas e os utensilios necesarios para o proceso.
CA1.10 Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos.
CA1.11 Seguíronse as pautas para limpeza dos utensilios despois do uso.
CA1.12 Preparáronse as ferramentas e os utensilios necesarios no toucador e na área de traballo.
CA2.8 Deseñáronse propostas para a realización de recollidos do cabelo.
CA3.1 Realizouse a hixiene capilar e as operacións previas relacionadas co recollido.
CA3.2 Seleccionáronse as ferramentas, os cosméticos e os complementos.
CA3.3 Diferenciáronse as técnicas de realización dos trenzados.
CA3.4 Estableceuse o modo de realización de enrolados, argolas, retorcidos e bucles.
CA3.7 Xustificouse a combinación de técnicas para a elaboración do recollido.
CA3.8 Relacionáronse os métodos de suxeición do recollido coas ferramentas e os utensilios apropiados.
CA3.9 Xustificouse o emprego de elementos accesorios como factor potenciador do estilo.
CA4.8 Elimináronse de xeito selectivo os residuos dos produtos de refugo xerados.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Adecuación do espazo de traballo. Identificación de utensilios e ferramentas. Hixiene e mantemento.
Acomodación e preparación da persoa usuaria.

**Contidos**

Operacións previas. Preparación do cabelo: criterios de selección e elaboración.

Selección de ferramentas, produtos e complementos.

Técnicas básicas para a realización de recollidos: tipos, descrición, características e modo de realización. Trenzados, enrolados, cocas, etc.

Bucles e argolas, retorcidos, cruzamentos, plumeamento, etc.

Combinación de técnicas para a elaboración do recollido. Elementos que inflúen na realización dun recollido. Pautas xerais para a preparación do recollido. Puntos de ancoraxe.

Adaptación de elementos accesorios: técnica de fixación ao recollido.

Xestión de residuos.

Técnicas básicas de mantemento de recollidos, perrucas e próteses. Coidados especiais en perrucas naturais. Cosméticos para aumentar a duración do peiteado. Modo de aplicación.



**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Técnicas de colocación de perrucas, próteses capilares e extensións	30

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza recollidos do cabelo, tendo en conta a relación entre as técnicas e o resultado final esperado.	NO
RA4 - Coloca perrucas, próteses capilares e extensións, interpretando as demandas e as necesidades da persoa usuaria.	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.5 Establecéronse os parámetros de selección de postizos en función do estilo de recollido.
CA3.6 Adaptáronse postizos na execución dun recollido.
CA4.1 Caracterizáronse os tipos de perrucas e próteses capilares, e os seus modos de adaptación.
CA4.2 Xustificouse a selección de perrucas e próteses capilares en función das necesidades persoais e sociais da persoa usuaria.
CA4.3 Identificáronse as indicacións e as contraindicacións das perrucas e próteses capilares destinadas a clientela con necesidades específicas por motivos de saúde.
CA4.4 Adaptáronse correctamente as perrucas e próteses capilares.
CA4.5 Diferenciáronse os tipos de extensións segundo a súa técnica de fixación.
CA4.6 Fixáronse as extensións ao cabelo.
CA4.7 Retiráronse as extensións do cabelo.
CA4.8 Elimináronse de xeito selectivo os residuos dos produtos de refugo xerados.

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Postizos: tipos, protocolo de aplicación de postizos e a súa adaptación ao recollido. Selección de técnicas e execución de recollidos.
Perrucas e próteses capilares: tipos, indicacións e criterios de selección en función das necesidades persoais e sociais. Adaptación cranial. Procedemento de colocación de perrucas e próteses.
Extensións: características e tipos segundo a técnica de fixación. Procedementos previos e colocación. Rastas, cordóns, etc. Técnicas de eliminación de extensións.
Xestión de residuos.
Técnicas básicas de mantemento de recollidos, perrucas e próteses. Coidados especiais en perrucas naturais. Cosméticos para aumentar a duración do peiteado. Modo de aplicación.
Utensilios empregados no coidado e no mantemento de próteses capilares. Características e forma de emprego.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES

- Recoñecer as características do cabelo e a fisionomía da clientela .
- Realizar a hixiene e o acondicionamento capilar , seleccionado os cosméticos en función de cada cabelo.
- Analizar os procesos de peiteados, acabados, recollidos e adaptación de postizos no cabelo , relacionados cos efectos que producen sobre as distintas fisionomías das persoas
- Saber realizar técnicas de adaptación de extensións no cabelo .
- Realizar todo tipo de recollidos e peiteados .así como a adaptación de perrucas, postizos, extensións de forma axeitada, tendo en conta as normas de seguridade e hixiene .
- Avaliar o proceso de peiteados , acabados e recollidos no cabelo e os resultados obtidos, propoñendo as modificacións que permitan optimiza-los resultados cando non son os previstos.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Nesta programación, todo o proceso de avaliación cuantificarase mediante un número enteiro sen decimais do 1 o 10 que englobará a suma das puntuacións ponderadas obtidas na avaliación dos contidos conceptuais, procedementais e actitudinais.

O baremo das diferentes actividades será o seguinte:

**CONTIDOS PROCEDIMENTAIS:** Puntuación de 0 a 10. Ponderación 60% ( Actividades prácticas 30% + exames prácticos 30%). A cualificación deste apartado será a media das notas obtidas nas distintas tarefas prácticas.

**CONTIDOS CONCEPTUAIS:** Puntuación de 0 a 10. Ponderación 30% ( Traballos teóricos10% + Exames teóricos 20 %). A cualificación deste apartado será a media das notas obtidas nas distintas probas escritas.

**CONTIDOS ACTITUDINAIS:** Puntuación de 0 a 10. Ponderación 10%. para a cualificación de este apartado utilizarase unha táboa de valoración de actitude na cal se anotarase a data da falta e a tipoloxía segundo a nomenclatura adxudicada. Cada falta de actitude restará 1 punto da nota final, o chegar a 10 faltas ó alumnado acadará a puntuación de 0 neste apartado. A tipoloxía das faltas que descuentan neste apartado son as seguintes.

Usa o mobil nas horas lectivas: A / non trouxo material B/ Non trouxo Uniforme C/ Non ten limpo ou desinfectou o material D/ Non recolle nin limpia a súa zona de traballo E/ Non é respectuoso cos compañeiros ,clientes ou mestres F/ Non cuida o material de clase ou instalacións G/ Non colabora nas actividades en grupo H

### Tratamento dos decimais

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro mais próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

PARA O APARTADO DE PROCEDEMENTOS: Táboa de indicadores de observación, táboa de indicadores para produtos, rúbrica de traballos de exposición oral.

APARTADO DE CONCEPTOS: Probas escritas + exercicios resoltos.

APARTADO DE ACTITUDES: Para a cualificación de este apartado utilizarase unha "Táboa de valoración de actitude".

ACLARACIÓNS:

- Será condición indispensable, para a recollida e suma de porcentaxes da nota da avaliación, alcanzar como mínimo a cualificación do 5, tanto na proba escrita coma nos traballos prácticos e a actitude.
- E obrigatorio realizar os traballos mínimos determinados polo profesor en cada avaliación, así como a necesidade, se fose preciso, de traer modelos reais ou no seu defecto bonecas, para a realización de ditos traballos. Os alumnos teñen que posuír o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden, e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final.
- Asistencia a clase será obrigatoria, segundo se recolle na lexislación, así como a realización das prácticas programadas.
- Caso de non presentarse a un exame ou proba: Se un alumno/a non se presenta (sen causa xustificada) a unha proba ou exame obterá como cualificación na mesma un cero. Esta proba (teórica ou práctica) se lle repetirá no caso de enfermidade sobrevenida e con xustificante médico.
- Caso de non presentar en prazo un traballo: Se un alumno/a nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, a cualificación será un cero. En todo caso, e aínda que a cualificación do traballo non é recuperable, a súa entrega será condición imprescindible antes da avaliación para poder aprobar. De non entregalo, suspenderá a avaliación e a entrega do traballo será requisito indispensable para recuperala.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Este procedemento está dirixido ó alumnado que non alcanzou unha avaliación positiva global (o módulo no seu conxunto) ou parcial (de unha ou varias unidades didácticas). A non consecución das metas propostas, expresa, dalgunha maneira, o fracaso do proceso de ensino-aprendizaxe. En consecuencia, é importante facer un bo diagnóstico da causa do mesmo para poder afrontar, de novo, este proceso con éxito.

Este proceso de recuperación ha de propiciar aprender máis ou mellor e por tanto estarán implicados nel tanto o profesorado como o alumnado.

Incluiremos accións de dúas naturezas:

Por parte do profesorado: analizar as causas do resultado; achegar información ao ou á interesada sobre aqueles aspectos nos que non se conseguiu a aprendizaxe prevista, así como as pautas de mellora; axudar ao alumnado a que consiga mellorar o seu rendemento preparando para iso tarefas de reforzo; preparar algunha tarefa ou proba na que cada alumno ou alumna mostre a súa nova aprendizaxe.

Por parte do alumnado: analizar o seu insuficiente rendemento e as causas diso mediante tarefas de autoavaliación; aumentar o esforzo persoal; dedicar máis tempo ao estudo; repetir algunha tarefa; refacer de novo exercicios; superar algunha proba.

#### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Recuperación parcial, por avaliación: As recuperacións terán carácter personalizado polo que cada alumno/a fará actividades de natureza diferente segundo o fallo ou a carencia diagnosticada no alumno ou a alumna e deberán ser, necesariamente, adaptadas a cada caso. Estas actividades de recuperación serán tarefas de reforzo (teóricas ou prácticas), coas cales o/a alumno/a demostre os seus coñecementos, e o seu desenvolvemento será ao longo da seguinte avaliación.

Recuperación global, final: Durante o mes de xuño, realizaranse actividades de recuperación que incluirán tamén probas prácticas ou escritas das partes non superadas, a temporalización e os contidos a superar virán desagregados e especificados no informe final individualizado que se lle entrega ó alumno/a despois da terceira e última avaliación.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

As probas de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua, desenvolveranse no mes de xuño, expoñéndose no taboleiro con antelación as datas e os talleres para a súa realización, así como os modelos que se adapten as características requiridas e o material necesario que forma parte do seu equipamento persoal.

A proba constará de dúas partes:

1. Unha proba práctica: nesta proba o/a alumno/a demostrará o coñecemento dos procedementos para os procesos de peiteados, acabados e recollidos, e para iso, deberá desenrolar as distintas técnicas que integran o módulo, e utilizar os diferentes útiles e ferramentas, adaptando o estilo ás características morfolóxicas do modelo e no marco de un proceso que garanta a seguridade e hixiene tanto do profesional como do cliente.
2. Unha proba teórica: será unha proba escrita na que o/a alumno/a demostrará o seu coñecemento dos contidos conceptuais das diferentes unidades didácticas que integran o módulo.

A suma das probas cualificaranse de 0 a 10 puntos e ponderarase do seguinte xeito:

Probas practicas 70%.

Probas teóricas 30%.

O/a alumno/a deberá traer un/unha modelo/boneca para poder realizar a proba e o material necesario.

Será indispensable superar a proba escrita para poder realizar a continuación a proba práctica.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizarase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que entre outros temas, se tratará a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademáis, en reunión de departamento ó longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase conforme o procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro.

Fundamental para coñecer a situación do/a alumno/a ao comezo do curso. Utilizaranse varias estratexias para a recollida de información

1. Farase unha enquisa na que se combinen unha serie de preguntas sobre:

Os estudos cursados anteriormente.

A situación laboral do alumno/a.

Os sistemas informáticos que posúe, así como o acceso a internet no seu fogar, en vistas dunha posíbel formación online ou un futuro confinamento derivado do COVID-19.

Datos de relevancia persoal.

2. Probas prácticas curtas e teóricas: a tipoloxía de estas probas estarán baseadas nas técnicas de peiteados e recollidos, conceptos previos necesarios para o desenrolo da parte práctica do módulo.

Os resultados obtidos polo alumnado nesta proba servirán para establecer o punto no que se atopa cada alumno/a con respecto á materia, as actitudes e as destrezas e constituirán unha fonte de información que axudará a axustar e adecuar a metodoloxía de traballo a cada caso particular. Tamén servirán, mediante unha comparativa cos resultados finais, para rexistrar a evolución do alumno/a.

Ao comezo do ciclo formativo, o equipo docente realizara unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Nesta sesión recollerase a información dispoñible sobre as características xerais do grupo e tamén acerca das circunstancias especificamente académicas ou persoais con incidencia educativa, dos/as alumnos/as. Esta avaliación en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas que se utilizarán serán de dous tipos:

Ordinarias:

Tarefas de reforzo e ampliación: En función da asimilación ou non dos obxectivos propostos, deseñaranse e realizaranse en cada unidade unha serie de tarefas de reforzo para aqueles alumnos/as que amosen dificultades na consecución das metas propostas, pola contra tamén se deseñarán actividades de ampliación para aqueles alumnos/as que superan o nivel medio do grupo e alcanzan sobradamente os obxectivos da unidade.

Traballo cooperativo en grupos heteroxéneos: Para traballar as tarefas de desenrolo e aprendizaxe utilizaremos as veces o pequeno grupo, o que posibilita o reforzo para alumnos/as con ritmo máis lento e a ampliación para alumnos/as con ritmo máis rápido. É moi importante ter en conta que en algunhas tarefas nos interesará que o grupo sexa homoxéneo e en outras non. É máis, as diferencias nos grupos provocarémolas para alcanzar obxectivos como a integración, mellora da tarefa, reforzos de terminados de alumnos/as.

Traballo guiado e supervisado: Seguimento máis de preto do profesor co alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

Extraordinarias: para aqueles alumnos/as que aínda cas medidas ordinarias non acaden as metas e non avancen no seu aprendizaxe.

Adaptacións curriculares na materia.

Coordinación co orientador/a do centro.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais se conciben como un conxunto de contidos que interactúan en todos os módulos do currículo escolar e o seu desenvolvemento afecta a globalidade do mesmo. Deben impregnar a actividade docente e estar presentes no aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade, relacionando ós estudantes co seu entorno inmediato e real, motivando así o seu aprendizaxe.

Forma en que se traballaran os temas transversais no aula:

Educación moral e cívica, educación multicultural, educación para a igualdade de oportunidade de sexos:

Se traballará a través das tarefas e coidarase o uso do linguaxe, e revisaranse os textos e as ilustracións para que non conteñan elemento algún que poida atentarse contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos.

En todas as actividades colectivas se valorarán positivamente a participación, o respecto das regras a seguir así como o desenvolvemento de actitudes abertas cara ás opinións dos demais.

Avaliarase ós alumno e ás alumnas con xustiza, establecendo unha relación razoable entre o que se explica e o que se esixe, trataranse en clase con consideración, axudaráselles nas dificultades co módulo, así como, nos problemas importantes que poidan condicionar o seu aprendizaxe; transmitindo así ós alumnos/as valores positivos.

Espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institución e técnicas. Desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

Educación ambiental, educación para o consumo:

Informarase e aconsellarase sobre o consumo e a utilización de produtos e materiais que non agridan o medioambiente ou no seu defecto sobre os menos nocivos.

Exporanse propostas de tratamento e clasificación de envases e desfeitos para facilitar o seu posterior reciclaxe.

Educación para a saúde:

Insistindo na adquisición de hábitos de hixiene corporal.

A través do estudo das posturas ergonómicas e a realización de exercicios físicos de prevención de problemas osteomusculares.

Traballando e insistindo na importancia dos protocolos de limpeza, desinfección e esterilización.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

#### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son aquelas actividades que complementan de maneira significativa as áreas curriculares establecidas no Proxecto Curricular de Centro.

Os obxectivos para conseguir deben coincidir cos obxectivos propostos a nivel de aula.

Os contidos deberán estar en consonancia cos propios de cada área.

O desenvolvemento destas actividades supón a presenza e coordinación do profesor / titor do grupo / aula, xa que o desenvolvemento do taller debe complementar a actividade curricular que se está realizando.

As actividades complementarias que se desenvolven no centro, entre elas:

Actividades de caracterización de personaxes para samaín, entroido, etc.

Participación na caracterización, peiteado e maquillaxe de actuacións do grupo de teatro do IES A Pinguela.

Mostras de FP, en colaboración con outros institutos do val de Lemos.

Formación externa de casas comerciais sobre as últimas técnicas en coloración, cambios de forma permanente, corte, unllas, extensións, etc.

Xornadas de peiteado en residencias da 3º idade e AFAMON ( asociación de familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias )

#### ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Son aquelas que se desenvolven fóra do horario lectivo, e poderanse situar nos períodos de comedor ou ao termo das clases.

Son actividades que polo seu desenvolvemento non se consideran imprescindibles para a formación mínima que han de recibir os/as alumnos/as.

Caracterízanse polo seu carácter voluntario, polo que ningún alumno/a pode ser obrigado a asistir ao desenvolvemento das mesmas. Non forman parte do proceso de avaliación polo que pasan os/as alumnos/as para a superación dos distintos ensinados que integran os plans de estudo.

Ó longo do curso o departamento programará actividades extraescolares:

Visitas a exposicións, feiras, congresos etc. de tipo profesional e cultural.

Participación no Galiciaskills, campionato galego da formación profesional.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Ensinanza a distancia.

Ante una situación de enfermidade ou calquera motivo no cal o alumno/a non puidera asistir a clase sempre pon causas justificadas, porase a disposición do alumnado material impreso e audiovisual necesario a través da aula virtual ,whatsapp ou entrega directa no IES .tamen se porá a disposición do alumnado o material necesario para a realización dos exercicios prácticos ,sendo necesario firmar un impreso no que indique o material prestado ,así como un depósito económico que lle será devolto no momento de reintegrar o material en bo estado.

A comunicación co profesor /alumn@ será preferentemente pola aula virtual.

O criterio de cualificación e mínimos exixibles ,serán os previsto no apartado 5